

**XIMNASIA ACTIVA  
PARA XOVES DE +60**



**CONCELLO DE  
BURELA**  
DELEGACIÓN  
DE DEPORTES E  
SERVIZOS SOCIAIS

# ENVELLECIMENTO

# Activo

**INSCRÍBETE  
DO 12 AO 14 DE SETEMBRO  
NA CASA DO CONCELLO**



**PRAZA DE ABASTOS**

**GRUPO 1:  
LUNS E MÉRCORES  
DE 10:00 A 11:00H**

**GRUPO 2:  
LUNS E MÉRCORES  
DE 11:00 A 12:00H**

DIRIXIDA A PERSOAS MAIORES ACTIVAS  
CON XIMNASIA, XOGOS E ACTIVIDADES

2 HORAS Á SEMANA ORGANIZADAS EN  
2 GRUPOS DE 20 PERSOAS MÁXIMO

MONITOR: LUCAS

# FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

IDADE:

ENDEREZO:

LOCALIDADE:

TELÉFONO:

EMAIL:

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR DO 12 AO 14 SETEMBRO:** Ficha de inscrición. Fotocopia DNI. **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR O 16 SETEMBRO:** Xustificante de Pago. Para poder participar, é necesario que toda a documentación esté entregada antes do inicio da actividade.

## NOTA INFORMATIVA

> Poderán participar todas as persoas maiores de 60 anos nadas con anterioridade ao ano 1962 (incluído) e empadroadas no Concello de Burela.

> A **cuota de inscrición** é de **6 €/mes**.

> O **CURSO 2022** de actividades comezará o **luns 19 de setembro** e rematará o **mércores 14 de decembro**.

> As fichas de inscrición entregaranse na Casa do Concello en horario de 8:00h a 15:00h do luns 12 ao mércores 14 de setembro. Mentres non esté formalizada e entregada a ficha de inscrición non se poderá asistir á actividade.

> En todas as actividades existe un número máximo de prazas (20) que asegura o correcto funcionamento dos grupos, así como un número mínimo para poder levalas acabo.

> A inscrición supón aceptar o réxime ético e de comportamento das EDM Burela.

> A adxudicación de prazas farase por rigorosa orde de inscrición, sempre que se cumpran os requisitos, tendo prioridade os usuarios que xa participaron no 1º ciclo do curso.

> A partir do xoves 15 de setembro farase pública na Casa do Concello a lista de admitidos, e comenزارanse a recoller os xustificantes de pago.

> Aquelas persoas que desexen causar baixas nas actividades deberán comunicalo ao monitor. A devolución do importe xa pagado farase sempre que exista unha causa xustificada da baixa.

## AUTORIZACIÓN SOBRE IMAXE E DATOS PERSOAIS

**Primeiro.** Toda persoa que se inscriba nas EDM Burela deberá ser apta para calquera tipo de actividade física.

**Segundo.** De acordo co establecido no RGPD e LOPDGDD informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e/ou os do menor (no seu caso) é o Concello de Burela con dirección en rúa Eijo Garay, 20, 27880, en Burela (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, cobranza do servizo (no seu caso), así como efectuar a xestión administrativa e contable derivada desa actividade. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita no en-

derezo arriba indicado ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://burela.sedelectronica.es>

**Terceiro.** Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida polo Concello, a través das actividades levadas a cabo pola área de Servizos Sociais, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer vostede ou, no seu caso, o menor ao seu cargo, para a súa publicación tanto na páxina web oficial do Concello, nos perfís abertos pola entidade nas redes sociais ou en publicacións que se poidan chegar a realizar en soporte papel e/ou en medios de comunicación. Por favor marque a casa que se axuste, en cada caso, aos permisos que queira darnos:

[ ] Si, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

[ ] Non dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao meu cargo.

O Concello de Burela infórmalle que, en calquera momento, vostede poderá retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo arriba indicado, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento inicial ata o momento no que vostede o retire.

Sinatura:



**CONCELLO DE BURELA**  
DELEGACIÓNS  
DE DEPORTES E  
SERVIZOS SOCIAIS